

LOURENZÁ*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 01-06-16 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbans do segundo trimestre de 2016, exponse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións.

Establécese como período de cobro en voluntaria do 1 al 20 de agosto de 2016.

Lourenzá, 5 de xullo de 2016.- A ALCALDESA, Rocío López García

R. 2073

LUGO*Anuncio***COBRANZA**

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuinte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadroamento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. O citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuinte.

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 20 de xullo e ata o 20 de setembro do ano 2016, ambos inclusive, pónse o cobro, en prazo voluntario, o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó segundo trimestre de 2016.

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estíos seránllles cargados nas contas bancarias respectivas o día 05 de agosto de 2016.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránllles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o dia 20 de outubro de 2016, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 05 de xullo de 2016.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 2071

*Anuncio***LICITACIÓN**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **A CONTRATACIÓN DA OBRA DE ACCESIBILIDADE E MELLORA DE SERVIZOS NO CENTRO HISTÓRICO: PÍO XII, PRAZA DA SOIDADE E PRAZA MAIOR. (Expte: 24-2016).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a)Descripción do obxecto: A realización da obra de accesibilidade e mellora de servizos no casco histórico: Praza Pío XII, Praza da Soidade e Praza Maior conforme o proxecto elaborado polo servizo municipal de enxeñería.

b) Prazo de execución: A duración do contrato será de TRES MESES contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimiento:** aberto

4.- Tipo de licitación

a) **Orzamento máximo do Contrato:** o valor estimado do contrato ascende á cantidad de 126.917,20 euros (IVE excluído), polo que sumado o IVE (21%) 26.652,61 euros, resulta un total de 153.569,81 euros.

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluido o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-27, 29-71-86.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.-Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** os sinalados no prego de claúsulas administrativas.

8.-Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 26 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1^a **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos.

2^a **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3^a **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3^a Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacóns: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 65,91 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 1 de xullo de 2016.- A TENENTE DE ALCALDE DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto